

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 20 DE MAIO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día vinte de maio do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, e D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez e D. Raúl Varela Fraguio.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 13 DE MAIO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 13 de maio de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 13 de maio de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sustentabilidade, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Resolución de 2 de maio de 2025, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde de 17 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva por anticipado do gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U) (Diario Oficial de Galicia número 250, de 30 de decembro). DOG número 92, de 15-05-2025.

- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Orde de 13 de maio de 2025, pola que se amplía o crédito existente para as axudas convocadas ao abeiro da Orde de 17 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva por anticipado do gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U). DOG número 94, de 19-05-2025.

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Resolución de 7 de maio de 2025, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde de 16 de decembro de 2024 (Diario Oficial de Galicia número 4, de 8 de xaneiro de 2025) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos. DOG número 94, de 19-05-2025.

- Escola Galega de Administración Pública, Resolución de 14 de maio de 2025, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrència competitiva e en réxime de concorrència non competitiva, destinadas ao financiamento de planes de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2025, no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas (código de procedemento PR780A). DOG número 95, de 20-05-2025.

3.- .PROPOSTAS

3.1. PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN DE DESERTO, POR FALTA DE LICITADORES, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN RELATIVO AOS “SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS DE MANTEMENTO DE MARQUESIÑAS E POSTES DE PARADA DE AUTOBÚS NO TERMO MUNICIPAL DE CAMBRE”. EXPEDIENTE NÚM. 2024/C004/000011

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 15 de maio de 2025 (CVD: Y/vayh+3W0W3v1URep2g), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación do “Servizo de mantemento de marquesiñas e postes de parada de autobús no termo municipal de Cambre” que consta na plataforma TEdC con número 2024/C004/000011.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 19 de novembro de 2024, acordou aprobar o expediente de contratación relativo aos “Servizos e subministracións de mantemento de marquesiñas e postes de parada de autobús no termo municipal de Cambre”.

Visto que o anuncio da licitación do contrato foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data de 26 de novembro de 2024, cun prazo de presentación de ofertas hasta ás 23:59 horas do día 11 de decembro de 2024.

Visto que, finalizado o prazo de presentación de ofertas, comprobouse que non se teñen presentado ofertas á esta licitación.

Visto o informe emitido pola secretaria da Mesa de Contratación do día 20 de febreiro de 2025, (CVD: Dcm5qYwYqciToSf9Knq), no que entre outras cousas di:

“(…)

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 19 de novembro de 2024, acordou aprobar o expediente de contratación que consta na plataforma TEdC co núm. 2024/C004/000011 relativo aos “Servizos e subministracións de mantemento de marquesiñas e postes de parada de autobús no termo municipal de Cambre”, por tramitación ordinaria e mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática).

O anuncio de licitación foi publicado o día 26 de novembro de 2024 na Plataforma de Contratación do Sector Público, finalizando o prazo de presentación de ofertas ás 23:59 horas do día 11 de decembro de 2024.

Consultada a plataforma de contratación, comprobouse que non se teñen presentado ofertas á esta licitación, o que se informa para os efectos oportunos

(…)”.

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 584/2024, do 7 de maio, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación relativo aos “Servizos e subministracións de mantemento de marquesiñas e postes de parada de autobús no termo municipal de Cambre” Exp: 2024/C004/000011, conforme ao establecido no artigo 150.3 in fine, e concordantes, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Segundo: Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEdC, ao departamento de obras e servizos e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Terceiro: Publicar este acordo no correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, e dispoñer a apertura do procedemento de licitación; de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente".

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 15 de maio de 2025 (CVD: Y/vayh+3W0W3v1URep2g), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.2 PROPOSTA RELATIVA A NOVO ADXUDICATARIO DO CONTRATO BASEADO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE PAPEL DE EQUIPOS DE IMPRESIÓN DO CONCELLO DE CAMBRE A TRAVÉS DE ACORDO MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO. EXPEDIENTE NÚM. 2024/C005/000001

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de maio de 2025 (CVD: ASmkou2G0oZNV8s2Kw8Q), que transcrita di:

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2025, acordou propoñer a adxudicación do contrato baseado para a *subministración de papel de equipos de impresión do Concello de Cambre a través de acordo marco da Central de Contratación do Estado* (expediente TEdC núm. 2024/C005/000001), a favor da empresa INAPA ESPAÑA, DISTRIBUCIÓN DE PAPEL, S.A., no prezo máximo de 2.705,40 euros sen IVE e 3.273,534 euros IVE incluído, por ser a empresa cuxa oferta era máis económica, conforme ás seguintes condicións:

- Tipo de papel e cantidade máxima estimada a subministrar (Lote 1 do acordo marco 20/2023):

- 010600 Fibra Virgen 80G A4. PE Y BAL: 150 caixas.
- 010800 Fibra Virgen 80G A3. PE Y BAL: 6 caixas.

- Duración do contrato: 1 ano

Visto que a funcionaria encargada de tramitar a proposta por medios telemáticos a través da ferramenta informática do sistema estatal de contratación centralizada (AUNA), comunica que ao iniciar o proceso de gravación a plataforma xera un aviso de que a empresa proposta como adxudicataria se atopa actualmente incurso en prohibición para contratar.

Visto que con data 15 de maio de 2025 se incorpora ao expediente de contratación o certificado de empresas adxudicatarias xerado pola aplicación AUNA (Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación) no que se fai constar o estado das empresas adxudicatarias e os seus artigos, para o lote 01.00.00 LOTE 1 PAPEL FIBRA VIRXEN do acordo marco/sistema dinámico de adquisición 20/2023 – SUMINISTRO DE PAPEL DE EQUIPOS DE IMPRESIÓN, FOTOCOPIADORAS, COPIADORAS E MULTICOPIADORAS, no que se fai constar que a empresa INAPA ESPAÑA DISTRIBUCIÓN DE PAPEL, S.A., con NIF: A81828410 se atopa en “ESTADO: SUSPENDIDA”.

Visto que consta no expediente documento de retención de crédito con núm. de operación 220250000739, de data 16 de maio de 2025, por importe de 3.400 euros.

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Deixar sen efecto a proposta de adxudicación do contrato baseado para a *subministración de papel de equipos de impresión do Concello de Cambre a través de acordo marco da Central de Contratación do Estado* (expediente TEDeC núm. 2024/C005/000001), efectuada pola Xunta de Goberno Local o día 11 de marzo de 2025, a favor da empresa INAPA ESPAÑA, DISTRIBUCIÓN DE PAPEL, S.A., isto á vista de que segundo consta no certificado de empresas adxudicatarias, de data 15 de maio de 2025, xerado pola aplicación AUNA (Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación), a dita empresa está actualmente suspendida para o acordo marco de adquisición 20/2023.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 920.22000, por un importe máximo de 2.794,50 euros sen IVE (3.381,35 euros IVE incluído).

Terceiro: Acordar a contratación directa coa empresa adxudicataria do lote 1 do Acordo marco 20/2023 da Central de Contratación do Estado, de *subministración de papel de equipos de impresión do Concello de Cambre a través de acordo marco da Central de Contratación do Estado*, que presentou a seguinte oferta máis económica, isto ao tratarse dun contrato cuxo valor estimado é inferior a 10.000 euros, IVE excluído.

Cuarto: Propoñer a adxudicación do contrato baseado para a *subministración de papel de equipos de impresión do Concello de Cambre a través de acordo marco da Central de Contratación do Estado* (expediente TEDeC núm. 2024/C005/000001), a favor da empresa LYRECO ESPAÑA, S.A., con NIF A79206223, no prezo máximo de 2.794,50 euros sen IVE (3.381,35 IVE incluído) por ser a empresa actualmente en estado activo cuxa oferta é máis económica, conforme ás seguintes condicións:

- Tipo de papel e cantidade máxima estimada a subministrar (Lote 1 do acordo marco 20/2023):

- 010600 Fibra Virgen 80G A4. PE Y BAL: 150 caixas.
- 010800 Fibra Virgen 80G A3. PE Y BAL: 6 caixas.

- Duración do contrato: 1 ano

- Modalidade de entrega: entregas parciais en varios lugares

- Facturación: a través da Plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, á cal pode acceder a través da URL: <https://face.gob.es/>. Os tres códigos necesarios para a presentación da correspondente factura son os seguintes:

Oficina Contable	Órgano Xestor	Unidade Tramitadora
GE0002418 INTERVENCIÓN	LA0004868 ALCALDÍA	LA0004869 CONCEJALÍA HACIENDA

Para realizar o pago mediante transferencia, o adxudicatario deberá presentar un modelo de certificación de conta bancaria.

Quinto: Tramitar esta proposta por medios telemáticos a través da ferramenta informática do sistema estatal de contratación centralizada (AUNA)".

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de maio de 2025 (CVD: ASmkou2G0oZNV8s2Kw8Q), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCEJALÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 9 ao 15 de maio de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 424/2025 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 460/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
424/2025	09-05-2025	Autorizar a JLSF a adscribir á licenza de taxi número 19 a VYPO para que preste servizos como condutor asalariado a xornada completa e con dedicación exclusiva, de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de vehículos de personas en vehículos de turismo de Galicia e no artigo 37.2 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei
425/2025	09-05-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: FCG
426/2025	09-05-2025	Inscribir o can identificado como LUNA de raza Pitbull (mestizo),

		sexo femia no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitante: SCPB
427/2025	09-05-2025	Ter por desistidos da súa solicitude de inscrición no Padrón municipal de habitantes, do 25.03.2025 a JMGP e MFHO
428/2025	09-05-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 13 de maio de 2025
429/2025	09-05-2025	Considerar desistido a JMFM da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 26/02/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
430/2025	09-05-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 05/05/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: AKRM
431/2025	09-05-2025	Declarar a caducidade do procedemento de revisión de oficio expediente iniciado por resolución de alcaldía de 2 de febreiro de 2024 por ter transcurrido o prazo previsto no artigo 106.5 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Incoar o expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado servizo de telefonía fixa, liñas adsl, liñas rsdi, acceso a internet, incidencias e avarías prestado pola empresa Telefónica de España S.A.U.
432/2025	09-05-2025	Declarar a caducidade do procedemento de revisión de oficio expediente iniciado por resolución de alcaldía de 5 de febreiro de 2024 por ter transcurrido o prazo previsto no artigo 106.5 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Incoar o expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado servizo de telefonía fixa, móbil, acceso a internet, centraliñas virtuais e aluguer de equipo, incluíndo os servizos de conexión con outros centros de traballo deste concello, servizos de firewall (seguridade e antivirus), servidor virtual e resposta rápida de incidencias e avarías prestado pola empresa R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A.
433/2025	09-05-2025	Declarar a caducidade do procedemento de revisión de oficio expediente iniciado por resolución de alcaldía de 22 de febreiro de 2024 por ter transcurrido o prazo previsto no artigo 106.5 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Incoar o expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado servizo de mantemento copiadoras municipais (servizo de alugueiro, mantemento de fotocopiadoras, copias e resposta rápida de incidencias e avarías nas seguintes instalacións: Concello. Secretaría pasillo1ª Planta; Concello. Urbanismo; Concello. Contratación; Concello. Alcaldía; Centro Formación Espiritu Santo; A Barcala. Biblioteca Xavier Docampo; A Barcala. Deportes; A

		Barcala. Cultura; A Barcala. Grupos Municipais; Temple. Edif.Servicios Múltiples) prestado pola empresa ESTURION GALICIA, S.L.
434/2025	09-05-2025	Avocar a delegación xenérica da área de efectuada a prol do terceiro tenente de alcaldesa, don Omar Gonzalo Lamela Vázquez, dende o día 9 ao 12 de maio de 2025, ambos os dous incluídos
435/2025	09-05-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ESNF
436/2025	09-05-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 23/04/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: SJM
437/2025	09-05-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 30/04/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: MMLS
438/2025	09-05-2025	Declarar a caducidade do procedemento de revisión de oficio expediente iniciado por resolución de alcaldía de 22 de febreiro de 2024 por ter transcurrido o prazo previsto no artigo 106.5 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Incoar o expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado servizo de mantemento copiadoras municipais (servizo de alugueiro, mantemento de fotocopiadoras, copias e resposta rápida de incidencias e avarías nas seguintes instalacións: Concello. Secretaría pasillo1ª Planta; Concello. Urbanismo; Concello. Contratación; Concello. Alcaldía; Centro Formación Espiritu Santo; A Barcala. Biblioteca Xabier Docampo; A Barcala. Deportes; A Barcala. Cultura; A Barcala. Grupos Municipais; Temple. Edif.Servicios Múltiples) prestado pola empresa COPI FAX, S.L.
439/2025	09-05-2025	Declarar a caducidade do procedemento de revisión de oficio expediente iniciado por resolución de alcaldía de 5 de febreiro de 2024 por ter transcurrido o prazo previsto no artigo 106.5 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Incoar o expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado servizos de escolas de actividade física e saúde e actividades físico recreativas de verán prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L
440/2025	09-05-2025	Declarar a caducidade do procedemento de revisión de oficio expediente iniciado por resolución de alcaldía de 5 de febreiro de 2024 por ter transcurrido o prazo previsto no artigo 106.5 da Lei

		39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Incoar o expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado actividades socioculturales prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L
441/2025	12-05-2025	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 41 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Penouviña, parroquia de Cambre. Solicitante: UFD D.E, S.A.
442/2025	12-05-2025	Facer rendibles excedentes temporais de tesourería por importe de 22.000.000 euros, mediante a súa colocación a prazo fixo por un período de tres meses, solicitando para tal fin a presentación de ofertas ás entidades financeiras con sede na praza
443/2025	12-05-2025	Conceder a autorización para exercer a venda ambulante de cereixas en posto desmontable. Solicitante: VRMH
444/2025	12-05-2025	Aprobar e dispor o gasto, así como o recoñecemento e liquidación de obrigas por importe de 400,00 € en concepto de costas procesais do procedemento abreviado 000019/2024, e a ordenación do pagamento da devandita cantidade
445/2025	13-05-2025	Convocar proceso para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de Administración Xeral interinos. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
446/2025	13-05-2025	Aprobar a lista provisional de admitidos/excluídos ao proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de Axente de Protección Civil
447/2025	13-05-2025	Delegar na concelleira dona María Dolores Pan Lesta a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de MDSA e PMD
448/2025	13-05-2025	Corrixir o punto único da resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras núm. 437/2022, de data 18 de marzo de 2022, isto de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de tal maneira que: Onde di: "Arquivar o expediente número 2018/I002/000095 (...)" Debe dicir: "Arquivar o expediente número 2018/I002/000085 (..
449/2025	13-05-2025	Iniciar expediente de orde de execución a MPRF e aos herdeiros de ELPC para a poda e roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Souto, Cela, que afecta a infraestruturas de iluminación pública e invade parte do camiño de titularidade municipal, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro
450/2025	13-05-2025	Declarar a caducidade da inscrición no Padrón Municipal de Habitantes e, en consecuencia, a baixa neste das persoas que non presentaron a correspondente solicitude de renovación da inscrición padroal tal e como establece o artigo 16 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
451/2025	13-05-2025	Non acceder ao solicitado CFL de solicitude cualificación rúa privada

		servicio público, toda vez que o camiño ao que se refire a súa solicitude non é unha vía pública, senón que ten carácter privado
452/2025	15-05-2025	Considerar desistido a FMD da solicitude de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, solicitada con data 06/03/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
453/2025	15-05-2025	Desestimar a solicitude de devolución de ingresos formulada con data 28.10.2021, ao non probar en forma ningunha a solicitante, que o contador non era apto como elemento de medición a data de lectura do consumo efectuado, nin a existencia de avaría na rede interna. Solicitante: AMLM
454/2025	15-05-2025	Considerar desistida a RFG da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 14/03/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
455/2025	15-05-2025	Considerar desistida a MCVZ da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 28/02/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
456/2025	15-05-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: ESM
457/2025	15-05-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: RMC
458/2025	15-05-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
459/2025	14-05-2025	Considerar desistido a JGMR da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da Ordenanza reguladora, concretamente para recibo de alugueiro solicitada con data 21/10/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
460/2025	15-05-2025	Conceder a excedencia voluntaria por coidado de familiares con efectos do 9 de maio de 2025 e polo prazo de dous meses, de conformidade co artigo 176 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia. Solicitante: MdelMCB

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo